

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE AXUDAS SOCIAIS COVID-19 DO CONCELLO DE REDONDELA.

Artigo 1.- Definición

Establece o artigo 25.2.e) da Lei de bases de réxime local que unha das competencias locais é a de a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social. A situación provocada polo COVID-19 coa paralización de sectores económicos que supoñen o cese da actividade laboral creando situacións de cese da actividade laboral fai que este concello deba articular unha serie de medidas urxentes para responder a ese impacto a aqueles traballadores e autónomos mais perxudicados por esa situación.

Aínda que este Concello conta cunha ordenanza de emerxencia social, preténdese que esta organización municipal conte cunha ferramenta exclusiva e orientada a dar resposta a situación creada pola pandemia.

É por elo que para a tramitación desta subvención aplicarase o apartado cuarto da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, contempla a posibilidade de acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos; suposto no que se inclúen as axudas de emerxencia social.

Deste xeito, permitiranse a continuación e a incoación de procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos

Artigo 2.- Obxecto da subvención.

2.1.- Constitúe o obxecto destas Subvencións de axudas sociais o recoñecemento de prestacións non periódicas de carácter económico a través das cales preténdese dar resposta a situacións extraordinarias de carencia e emerxencia que poidan derivar en situacións de risco de exclusión ou vulnerabilidade social, tras a declaración do estado de alarma ante a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e ao tratarse de situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos deste estado, indispensables para a protección do interese xeral e para garantir o funcionamento básico dos servizos.

2.2.- Esta axuda única de carácter económico está dirixida a persoas que carezan de medios económicos suficientes ante unha situación de desemprego ou perda do seu poder adquisitivo e que causara un forte impacto económico na renda familiar a consecuencia da situación actual sobrevinda pola declaración do estado de alarma por COVID-19, tendo en todo caso natureza de finalidade, de carácter urxente, debendo tramitarse á maior brevidade posible e destinándose unicamente ao dar resposta a situacións extraordinarias de carencia e emerxencia, sempre baixo a





CONCELLO DE REDONDELA

responsabilidade da persoa solicitante e a supervisión do persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

Artigo 3.- Importe da subvención

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 100.000 euros con cargo á partida 2311A/4800019 do orzamento vixente, sen perxucio de que o Concello se incremente a cantidade máxima sinalada previa habilitación orzamentaria no seu caso seguindo o preceptuado no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total dos gastos xustificadas nesta convocatoria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as subvencións concedidas polo Concello.

Artigo 4.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a). Ser maior de 18 anos ou estar emancipado legalmente, ou, no seu defecto, ter iniciado o trámite legal de emancipación.

b). Carecer de medios económicos suficientes ante unha situación de desemprego ou perda do seu poder adquisitivo a consecuencia da situación actual sobrevinda pola declaración do estado de alarma por COVID-19.

Esta situación porase de manifesto cando nunha data posterior á declaración do estado de alarma (14 de marzo), a persoa solicitante finalizara a súa relación laboral, se lle aplicara un expediente de regulación de emprego temporal ou como traballador por conta propia cesara a súa actividade ou sufrira unha diminución da súa facturación.

c). Estar empadroada/o no Concello de Redondela.

d). Acreditar a situación de carencia en tempo e forma, colaborando coa administración para facilitar esa acreditación e segundo o requirido polo persoal técnico.

e). Achegar a documentación requirida en cada caso.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6GEFCD7QTSKY1L9J7DLZR99WE | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 32

f). A persoa solicitante deberá achegar declaración responsable de se ten percibida ou solicitada outra axuda de natureza análoga polo mesmo concepto doutras administracións ou entidades de iniciativa social, de non ter incumpridas as obrigas por reintegro de subvencións e de non concorrer ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 apartado 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g). Que a renda per cápita mensual bruta da unidade familiar estea dentro dos límites establecidos na seguinte táboa:

Membros da unidade familiar	Contía
1	950 euros (solicitante)
2	1083 euros 950 euros (solicitante) + 133 euros (2º membro)
3	1197 euros 950 euros (solicitante) + 133 euros (2º membro) + 114 euros (3º membro)
4	1292 euros 950 euros (solicitante) + 133 euros (2º membro) + 114 euros (3º membro) + 95 euros (4º membro)
5 ou mais	95 euros a engadir á cantidade anterior por cada membro a partir do quinto inclusive

Enténdese por unidade familiar, a integrada pola persoa solicitante, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita con que convivan os fillos menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente.

Enténdese por renda per cápita da unidade familiar el total de ingresos dos seus membros.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta convocatoria en quen se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, non poderán ser beneficiarios aquelas persoas que pertencan a unha unidade familiar das que un dos seus membros xa foran beneficiarios desta subvención.

Artigo 5.- Obrigas das persoas beneficiarias.

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

1. Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade aos gastos admitidos nestas bases.
2. Cooperar coa Administración en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións,



axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

5. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
6. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
7. Gardar e custodiar durante cinco anos as facturas e documentos xustificativos orixinais que se presentan coma xustificantes deste subvención no caso de que na solicitude se presentaran copias ou escaneos das mesmas.

Se a persoa beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía, poderá acordar a compensación.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Artigo 6.- Documentación

6.1.- Presentación de solicitudes

De xeito presencial: As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude no modelo oficial, acompañada da documentación esixida e debidamente cuberta e asinada, no Rexistro Xeral do Concello de Redondela ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso e mentres non se produza a finalización do proceso de desescalada poderá ser precisa a cita previa.

A documentación presentada será a recollida no Anexo I a estas Bases.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiríraselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

De xeito telemático: as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>).

6.2.- Documentación acreditativa:

- a).- Solicitude segundo o modelo oficial, debidamente cuberto.
- b).-Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención.
- c). Fotocopia do libro de familia. Nos casos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial deberase achegar copia da sentenza e convenio regulador ou, en caso de carecer destes documentos, poderase presentar calquera outra documentación xustificativa. No caso de ruptura da unión de feito deberase presentar certificado do





registro correspondente acreditando a cancelación da inscrición da devandita unión.

d). No caso de existencia de relacións permanentes análogas á conxugal, esta será acreditada a través de certificación do Rexistro de Parellas de Feito da Comunidade Autónoma ou nos casos de mera convivencia de feito sen inscrición rexistral, xustificárase mediante Declaración Responsable das persoas integrantes da parella.

e). No caso de que non se ingresen as achegas económicas establecidas na sentenza ou convenio regulador denuncia por incumprimento da sentenza ou demanda de execución.

f). Resolución administrativa ou auto xudicial no que se formaliza o acollemento de menores, así como o certificado ou resolución do organismo competente, no caso de recibir remuneración por dita situación indicando a contía.

g). Acreditación da situación de desemprego, de inclusión nun ERTE ou do cese de actividade da persoa que traballa por conta propia debido á situación actual sobrevinda pola declaración do estado de alarma por COVID-19.

h). Fotocopia da tarxeta de desemprego e certificación do SEPE que acredite se perciben prestación por desemprego, de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos, e das persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos que non cursen estudos oficiais.

i). Acreditación dos ingresos económicos de todas as persoas que conforman a unidade familiar a través de:

- Certificados de pensións, prestacións ou subsidios percibidos da Administración Pública ou calquera outro documento que acredite os ingresos dos membros da unidade familiar.

- Extracto de movementos de todas as contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar que inclúan os 6 meses anteriores á formulación da solicitude.

- **PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA:**

- Fotocopia das nóminas de xaneiro e febreiro.

- No caso de ser incluído dentro dun expediente de regulación de emprego, acreditarase dalgúns dos seguintes xeitos:

- Resolución de aprobación das prestacións por desemprego do servizo público de emprego motivado pola súa inclusión dentro dun expediente de regulación temporal de emprego.

- Captura de pantalla da páxina web do servizo público de emprego no que se lle comunica a prestación de desemprego por estar incluído nun expediente de regulación temporal de emprego xunto coa comunicación da empresa na que traballa a persoa solicitante na que se lle informa da súa inclusión no devandito expediente de regulación.

- Certificado emitido polo servizo público de emprego estatal no que se recolle as contías por prestación que está recibindo xunto coa comunicación da empresa na que traballa a persoa solicitante na que se lle informa da súa inclusión no devandito expediente de regulación.



- No caso de finalización de contrato, vida laboral actualizada do membro da unidade familiar que se atope neste suposto.
- PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA PROPIA:
 - No caso de que cesara a súa actividade de xeito temporal, deberá presentar a alta de actividade que deberá coincidir con algunha das actividades que o estado de alarma declarase coma suspendida (Anexo I RD 463/2020).
 - No caso de que solicitara a prestación extraordinaria por cese de actividade que se recolle no artigo 17 do Real Decreto-Ley 8/2020, deberá presentar a documentación pola que se lle concede a devandita prestación.
 - No caso de que se producira un cese definitivo da actividade, deberá presentar o documento de cese de actividade (modelos 036 ó 037) e a súa alta no paro.
 - No caso de que seguira coa súa actividade pero sufra unha redución na súa facturación, deberá presentar as declaracións trimestrais do ano 2019 e a do primeiro trimestre do ano 2020 ou o seu borrador se non rematou o prazo para a súa presentación. Se a presentación da solicitude faise despois do 20 de xullo, deberá presentar as declaracións trimestrais do segundo, terceiro e cuarto trimestre do ano 2019 e do primeiro e segundo trimestre do ano 2020, salvo que o prazo de presentación se adiaira, debendo presentar o seu borrador. No caso da entrega de borradores de declaracións poderase solicitárselle nun momento posterior a declaración trimestral presentada ante facenda.
- PERSOAS NON TRABALLADORAS:
 - Fotocopia da tarxeta de desemprego e certificación do SEPE que acredite se perciben prestación por desemprego.

j). Fotocopia da Vida Laboral das persoas maiores de 16 anos nos casos nos que o persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos o estime necesario.

k). Achegar a xustificación do importe da axuda segundo o número de membros da unidade familiar de algún dos seguintes gastos referidos o ano 2020:

- 1) Gastos alimentarios, quedando excluídos os gastos en bebidas alcohólicas.
- 2) Gastos de aluguer ou de hipoteca da vivenda na que está empadroada a persoa solicitante.
- 3) Gastos farmacéuticos.
- 4) Gastos de electricidade, telefonía, internet, de calefacción ou de comunidade.
- 5) Gastos en droguería.
- 6) Gastos do seguro de fogar, de vida ou decesos.

l). Calquera outra documentación que para a correcta avaliación da súa solicitude lle poida ser requirida durante a súa tramitación.

6.3.- O Concello de Redondela xestionará de oficio os certificados de empadramento e convivencia da persoa solicitante.

Artigo 7.- Prazo de solicitude

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de





Redondela e no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo para a presentación de solicitudes abrirase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia ata o 30 de outubro.

Artigo 8.- Concesión da subvención

O Concello de Redondela aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases e convocatoria en proporción ao número de membros da unidade familiar:

Nº membros da UF da persoa beneficiaria	Contía/Pago único Subvencións de Axudas sociais
1	300 euros
2	400 euros
3	500 euros
4 e sucesivos	600 euros

Para a concesión das axudas se terá en conta a orde cronolóxica das solicitudes presentadas que cumpran con todos os requisitos esixidos nas presentes bases ata a terminación do crédito orzamentario. Terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes, considerando como data de presentación aquela en que estas reúnan toda a documentación requirida, unha vez subsanadas se procede, as ausencias ou insuficiencias conforme ó establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Só concederáse unha axuda por persoa, de xeito que no caso de solicitude de mais dunha axuda a nome da mesma persoa darase curso a aquela que teña entrada no rexistro municipal en fecha anterior.

Artigo 9.- Réxime de concesión, instrución e resolución

9.1.- O procedemento de concesión destas axudas iniciarase a instancia da persoa interesada no tempo e forma indicados nestas bases.

A concesión das axudas realizarase de forma individualizada, previa valoración técnica do persoal do departamento dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Redondela, con estrita suxeición a súas bases e á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

9.2.- Corresponde aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos facilitar a información, asesoramento e orientación ás persoas interesadas no relacionado cos requisitos, documentación, contías... das Subvencións de Emerxencia Social do Concello de Redondela; recibirán as solicitudes, realizarán a súa valoración técnica comprobando que o expediente se atope completo e de ter presentado a documentación necesaria. De acordo co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o





CONCELLO DE REDONDELA

Concello requirirá a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei. Ademais da notificación individualizada, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello educativo a relación de solicitudes pendentes de emendar con indicación das deficiencias ou documentación de que carecen.

9.3.- En canto aos requirimentos de documentación que fosen necesarios, e dentro dos límites permitidos pola normativa aplicable serase o mais flexible posible, permitindo a achega de documentación por correo electrónico, ou por calquera outro medio que permita a verificación da información necesaria.

9.4.- No caso de ser necesario, darase validez ao informe social que se poida realizar vía telefónica ou por calquera outro medio válido, sen que sexa imprescindible en todo caso que se realice unha visita domiciliaria, e sen prexuízo de que esta se deba realizar cando se restaure á situación de normalidade

A instrución do procedemento corresponderá ás traballadoras sociais do Concello, baixo a dirección de dona Alejandra Fernández Conde, ou na súa ausencia a/o funcionaria/o que a Alcaldía propuxera, as cales realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales formularán proposta de resolución. Tamén serán as encargadas de requirir aos solicitantes a emenda das deficiencias.

Avaliadas as solicitudes pola instrutora segundo os criterios, formas e prioridades establecidos nestas bases e convocatoria elevará as mesmas a unha comisión de valoración integrada pola Alcadesa do Concello, D^a Digna Rosa Rivas Gómez, que actuará como Presidenta, outros dous concelleiros, D^a Susana Couñago Andrés e D^a. Marta Alonso Domínguez, actuando como suplentes D. Daniel Boulosa Martínez e D^a María Castro Abad, respectivamente, e dous traballadores do Concello que serán Patricia Carrera Soto e Alejandra Fernández Conde, que terá as funcións de secretaria, actuando neste caso como suplentes Rosalía Castro Sabugueiro e Natalia Pazos Rodríguez. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designaranse por Resolución de Alcaldía. A comisión recollerá en acta a proposta da concesión da subvención. Debido as características desta subvención, esta comisión constituirase as ocasións necesarias cando así sexa necesario para continuar coa concesión das axudas.

As instrutoras, trala acta da Comisión, formularán proposta de resolución debidamente motivada debendo expresar as persoas solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualas. Xunto coa proposta, a persoa instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren con tódolos requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización da mesma de acordo co Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Sra. Alcadesa de acordo coas presentes bases e convocatoria. A resolución será publicada no taboleiro de edictos e notificada aos beneficiarios. O prazo para resolver o

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6GEFCD7QTSKY19J7DLZR49WE | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 32



CONCELLO DE REDONDELA

procedemento de concesión das subvencións será de tres meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

Transcorridos tres meses, a partires do día seguinte do remate do prazo de presentación das solicitudes, sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

9.5.- Os servizos económicos municipais realizarán, polos medios que en cada caso sexan operativos, o seu pagamento e fiscalización. O pago da axuda realizarase directamente na figura da persoa solicitante.

9.6.- A resolución do procedemento corresponderá á Alcaldía ou, no seu defecto, á Concellería que actúe por delegación expresa no ámbito da acción social. Con carácter xeral a resolución ditarase nun prazo máximo de 30 días naturais.

Artigo 10.- Causas de denegación

Poderán ser denegadas aquelas solicitudes que, malia cumpriren os requisitos establecidos, poidan concorrer nalgunha das seguintes circunstancias:

- a). Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da problemática proposta.
- b). Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude.
- c). Falecemento da persoa solicitante, salvo que o/a traballador/a social valore favorablemente a concesión da axuda para beneficio da unidade familiar.
- d). Desaparición das causas e /ou perda dalgún dos requisitos esixidos para a súa percepción.
- e). Non estar dispoñible para o emprego non permanecendo inscrita/o como demandante de emprego.





f). Renuncia expresa da persoa solicitante.

Artigo 11.- Pago e xustificación da subvención.

Resolto o procedemento polo órgano competente e realizada a xustificación de gastos polo beneficiario procederase ao pagamento por transferencia bancaria da axuda concedida.

Dadas as excepcionais características das presentes axudas de emerxencia, estas non requirirán outra xustificación que a acreditación técnica da concurrencia das situacións indicadas nas bases reguladoras. Dita acreditación realizarase mediante a presentación da documentación requirida, contrastada e validada polos Servizos Sociais, como departamento competente para a tramitación da subvención.

Artigo 12.- Reintegro da subvención.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación de subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.
- Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes nos casos sinalados nos artigos 36 e seguintes da Lei 9/2007, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

As cantidades devoltas terán carácter de dereito público.

Artigo 13.- Inspección e control.

O Concello de Redondela, a través da Intervención Municipal, poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14.- Infraccións e sancións.

Estas bases e convocatoria quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 28 da OMS.





CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 15.- Réxime xurídico aplicable.

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.—Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.—Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 3.—Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 4.—Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- 5.—Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- 6.—Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 7.—Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- 8.—Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.
- 9.—As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela.
- 10.—Demais normativa aplicable.





CONCELLO DE REDONDELA

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS SOCIAIS POLO COVID-19.

Datos da/o solicitante

Nome:	Apelidos:
Enderezo:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico:	

A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que acepta as bases da convocatoria e cumpre os requisitos esixidos por esta.
- Non ter recibido ningunha axuda para a mesma finalidade, ou ben que o conxunto das axudas solicitadas e recibidas, xunto con esta, non superan o custo total dos gastos que se presentan nesta solicitude.
- Que non me atopo incurso nalgunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Que no caso de que a/s factura/s ou documento/s xustificativo/s non sexan os orixinais, as copias ou escaneos presentados o son da documentación orixinal a cal deberei por a disposición do Concello se a require dentro do prazo de cinco anos dende a concesión da subvención.
- Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumplida ningunha obriga por reintegro de subvencións
- Que non solicitou ou recibiu outra axuda para os gastos que constan nesta solicitude.
- AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.
- Que a conta bancaria do solicitante é a seguinte:

Número de conta – IBAN															

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6GEFCD7QTSKY1L9J7DLZR99WE | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 de 32

**DOCUMENTACIÓN
(A presentar con esta solicitude)**

1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.

 2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.

 3. Fotocopia do libro de familia. Nos casos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial deberase achegar copia da sentenza e convenio regulador ou, en caso de carecer destes documentos, poderase presentar calquera outra documentación xustificativa. No caso de ruptura da unión de feito deberase presentar certificado do rexistro correspondente acreditando a cancelación da inscrición da devandita unión.

 4. No caso de existencia de relacións permanentes análogas á conxugal, esta será acreditada a través de certificación do Rexistro de Parellas de Feito da Comunidade Autónoma ou nos casos de mera convivencia de feito sen inscrición rexistral, xustificarse mediante Declaración Responsable das persoas integrantes da parella.

 5. No caso de que non se ingresen as achegas económicas establecidas na sentenza ou convenio denuncia por incumprimento da sentenza ou demanda de execución.

 6. Resolución administrativa ou auto xudicial no que se formaliza o acollemento de menores, así como o certificado ou resolución do organismo competente, no caso de recibir remuneración por dita situación indicando a contía.

 7. Acreditación dos ingresos económicos de todas as persoas que conforman a unidade familiar:
 - Certificados de pensións, prestacións ou subsidios percibidos da Administración Pública ou calquera outro documento que acredite os ingresos dos membros da unidade familiar.
 - Extracto de movementos de todas as contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar que inclúan os 6 meses anteriores á formulación da solicitude.
- AS PERSOAS DA UNIDADE FAMILIAR QUE TRABALLAN POR CONTA ALLEA DEBERÁN ACHEGAR ADEMAIS:**
- Fotocopia das nóminas de xaneiro e febreiro.
 - No caso de ser incluído dentro dun expediente de regulación de emprego, acreditarase dalgúns dos seguintes xeitos:
 - 1) Resolución de aprobación das prestacións por desemprego do servizo público de emprego motivado pola súa inclusión dentro dun expediente de regulación temporal de emprego.
 - 2) Captura de pantalla da páxina web do servizo público de emprego no que se lle comunica a prestación de desemprego por estar incluído nun expediente de regulación temporal de emprego xunto coa comunicación da empresa na que traballa a persoa solicitante na que se lle informa da súa





CONCELLO DE REDONDELA

inclusión no devandito expediente de regulación.

3) Certificado emitido polo servizo público de emprego estatal no que se recolle as contías por prestación que está recibindo xunto coa comunicación da empresa na que traballa a persoa solicitante na que se lle informa da súa inclusión no devandito expediente de regulación.

- No caso de finalización de contrato, vida laboral actualizada do membro da unidade familiar que se atope neste suposto.

AS PERSOAS DA UNIDADE FAMILIAR QUE NON TRABALLAN DEBERÁN ACHEGAR ADEMAIS:

- Fotocopia da tarxeta de desemprego e certificación do SEPE que acredite se perciben prestación por desemprego.

AS PERSOAS DA UNIDADE FAMILIAR QUE TRABALLAN POR CONTA PROPIA DEBERÁN ACHEGAR ADEMAIS:

- No caso de que cesara a súa actividade de xeito temporal, deberá presentar a alta de actividade que deberá coincidir con algunha das actividades que o estado de alarma declarase coma suspendida (Anexo I RD 463/2020).

- No caso de que solicitara a prestación extraordinaria por cese de actividade que se recolle no artigo 17 do Real Decreto-Lei 8/2020, deberá presentar a documentación pola que se lle concede a devandita prestación.

- No caso de que seguira coa súa actividade pero sufra unha redución na súa facturación, deberá presentar as declaracións trimestrais do ano 2019 e a do primeiro trimestre do ano 2020 ou o seu borrador se non rematou o prazo para a súa presentación. Se a presentación da solicitude faise despois do 20 de xullo, deberá presentar as declaracións trimestrais do segundo, terceiro e cuarto trimestre do ano 2019 e do primeiro e segundo trimestre do ano 2020, salvo que o prazo de presentación se adiara, debendo presentar o seu borrador.

- No caso de que se producira un cese definitivo da actividade, deberá presentar o documento de cese de actividade (modelos 036 ó 037) e a súa alta no paro.

8. Xustificación dos gastos en función dos membros da unidade familiar recollidos no punto 6.k) que se acreditará do seguinte xeito:

- Documentos xustificativos do pagamento do aluguer, da hipoteca, do seguro de hogar ou dos gastos de comunidade da vivenda na que está empadroadada a unidade familiar.

- Documentos xustificativos do pagamento do seguro de vida ou decesos de calquera membro que pertenza á unidade familiar da persoa solicitante.

- Facturas ou documentos equivalentes que xustifiquen a realización do gasto para o resto de supostos que se recollen no punto 6.k). No caso das facturas ou recibos deberán vir a nome da persoa solicitante ou ben debe quedar acreditado que o gasto refírese á vivenda habitual na que está empadroadada a unidade familiar.

Redondela, de de 2020.

(Sinatura)

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6GEFCD7QTSKY1L9J7DLZR99WE | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 32



CONCELLO DE REDONDELA

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008. Bases e convocatoria para a concesión de axudas sociais COVID-19 do Concello de Redondela.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.





BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DE AYUDAS SOCIALES COVID-19 DEL AYUNTAMIENTO DE REDONDELA.

Artículo 1.- Definición

Establece el artículo 25.2.e) de la Ley de bases de régimen local que una de las competencias locales es la de la atención inmediata a personas en situación de riesgo de exclusión social. La situación provocada por el COVID-19 con la paralización de sectores económicos que suponen el cese de la actividad laboral creando situaciones de cese de la actividad laboral hace que este ayuntamiento deba articular una serie de medidas urgentes para responder a ese impacto a aquellos trabajadores y autónomos más perjudicados por esa situación.

Aunque este Ayuntamiento cuenta con una ordenanza de emergencia social, se pretende que esta organización municipal cuente con una herramienta exclusiva y orientada a dar respuesta a la situación creada por la pandemia.

Es por ello que para la tramitación de esta subvención se aplicará o apartado cuarto de la disposición adicional 3ª del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por lo que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, modificado por el Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, contempla la posibilidad de acordar motivadamente a continuación de aquellos procedimientos administrativos referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma y los indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios; supuesto en el que se incluyen las ayudas de emergencia social.

De esta manera, se permitirá la continuación y la incoación de procedimientos administrativos que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.

Artículo 2.- Objeto de la subvención.

2.1.- Constituye el objeto de estas Subvenciones de ayudas sociales el reconocimiento de prestaciones no periódicas de carácter económico a través de las cuales se pretende dar respuesta a situaciones extraordinarias de carencia y emergencia que puedan derivar en situaciones de riesgo de exclusión o vulnerabilidad social, tras la declaración del estado de alarma ante la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 y al tratarse de situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos de este estado, indispensables para la protección del interés general y para garantizar el funcionamiento básico de los servicios.

2.2.- Esta ayuda única de carácter económico está dirigida a personas que carezcan de medios económicos suficientes ante una situación de desempleo o pérdida de su poder adquisitivo y que causara un fuerte impacto económico en la renta





CONCELLO DE REDONDELA

